EXCMO. CONCELLO DE VIVEIRO (LUGO)

**Concello de Viveiro**

**Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147**

# ACTA DA XUNTA DE GOBERNO

**SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DÍA DEZAOITO DE XUÑO DE 2018. EXPTE. 3568/2018.**

**ASISTENTES:**
Dª. MARIA LOUREIRO GARCIA
D. JESUS ANTONIO FERNANDEZ CAL
D. JESUS FERNANDEZ FERNANDEZ

**SECRETARIA XERAL:**
Dª. MARILUZ BALSA RÁBADE

Na Casa do Excmo. Concello de VIVEIRO, sendo as 14:30 do dia 18 de xuño de 2018, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa, Dª. María Loureiro García, e coa asistenza dos Sres. Concelleiros relacionados anteriormente, asi como a da Secretaria Xeral, Dª. María Luz Balsa Rábade, ten lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, en segunda convocatoria.

Excusan verbalmente a súa asistencia os concelleiros Dª. María Isabel Rodríguez López  Dª. Lara Fernández Fernández-Noriega e D. Emilio Villarmea Méndez. Non asisten á presente sesión a Interventora Municipal nin o Interventor por delegación.

Á hora sinalada para este acto polo Sra. Alcaldesa, declárase aberto o mesmo

**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN**

**Maria Luz Balsa Rabade (1 para 2)**
SECRETARIA
Data de Sinatura: 19/06/2018
HASH: 1ba4a215998050a01b735c01cb971bacf

**Maria Loureiro Garcia (2 para 2)**
PRESIDENTA - ALCALDESA
Data de Sinatura: 20/06/2018
HASH: f0d7486c3452654l3a72536c8704576b

ACTA DE XUNTA DE GOBERNO
Número: 2018-0025 Data: 19/06/2018

Cod. Validación: 5NJQQ6L5A9LFQ96HAWWACNJ7C | Corrección: http://viveiro.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 37

Concello de Viveiro
Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147

**CELEBRADA O DÍA 11-06-2018.**

Non existindo ningunha obxección, procédese á aprobación da acta da sesión de 11 de xuño de 2018.

## 2.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DICTADAS POR AVOCACIÓN DE COMPETENCIAS.

### RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

Por parte da Sra. Alcaldesa, Dª. María Loureiro García, dáse conta das Resolucións feitas pola Alcaldía mediante a avocación de competencias delegadas na Xunta de Goberno Local, que se corresponden cos seguintes expedientes: EXPTE. 3104/2018.- EXPTE. 3463/2018.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Darse por informada dos Decretos ditados pola Alcaldía por avocación de competencias, entendendo que en tódolos casos existía motivación suficiente da urxencia para a súa realización.

## 3.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

### EXPTE. 3578/2018.- AXUDA NO FOGAR.

Vista a solicitude de servizo de axuda no fogar presentada por D. Sinesio Fernández Otero, domicilio a efectos de notificacións en Casanova, n.º 8-2º, Celeiro, en Viveiro.

Visto o informe da Traballadora Social no que se propón conceder a dita axuda ó solicitante, de acordo cos seguintes datos:

| | |
|---|---|
| Contidos prestacionais: | Atencións de carácter doméstico. |
| Capacidade económica da persoa usuaria: | > 200% < 250% IPREM |
| Aportación económica: | 40% |
| Custo directo do servizo que satisfará o Concello: | 60% |
| Duración do servicio: | 4 horas semanais |
| Revisión do mesmo: | Pendente resolución PIA dependencia. |
| Disponibilidade de alta efectiva ou paso a lista de agarda: | Paso a lista de agarda. |

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Conceder a D. Sinesio Fernández Otero o servizo de axuda no fogar solicitado, de acordo co previsto no informe da Traballadora Social, pasando á lista de agarda.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ó Departamento de Servizos Sociais ós efectos oportunos e de notificación ó interesado.

ACTA DE XUNTA DE GOBERNO
Número: 2018-0025 Data: 19/06/2018
Cod. Validación: 5NJQQ6L5A9LFQ96HAWWACNJ7C | Corrección: http://viveiro.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 37

Concello de Viveiro
Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147

**EXPTE. 3529/2018.- AXUDA NO FOGAR.**

Vista a solicitude de servizo de axuda no fogar presentada por Dª. Hermelina García Sierra, domicilio a efectos de notificacións na Igrexa, n.º 3, Covas, en Viveiro.

Visto o informe da Traballadora Social no que se propón conceder a dita axuda ó solicitante, de acordo cos seguintes datos:

| | |
|---|---|
| Contidos prestacionais: | Atencións de carácter doméstico. |
| Capacidade económica da persoa usuaria: | > 150% < 200% IPREM |
| Aportación económica: | 20% |
| Custo directo do servizo que satisfará o Concello: | 80% |
| Duración do servicio: | 3 horas semanais |
| Revisión do mesmo: | Trimestral. |
| Disponibilidade de alta efectiva ou paso a lista de agarda: | Alta efectiva. |

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.-Conceder a Dª. Hermelina García Sierra o servizo de axuda no fogar solicitado, de acordo co previsto no informe da Traballadora Social, con alta efectiva, sinalando que non debe sobrepasarse o importe establecido no orzamento para dito servizo.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ó Departamento de Servizos Sociais ós efectos oportunos e de notificación ó interesado.

**EXPTE. 1238/2016.- DEVOLUCION DE AVAL.**

Vista a solicitude de devolución de aval presentada por D. Carlos Fernández López, en representación da empresa CARFERLO, S.L., con domicilio social no Pol. Ind. Camba, parc 56-57- Xove (Lugo), que ascende á cantidade de 6.000,00 euros, para responder dos posibles danos que se pudiesen ocasionar no espazo público ó realizar as obras de construcción da licenza EXPTE. 1238/2016, así como durante a conexión aos servizos urbanísticos.

Visto o informe do vixiante urbanístico, no que se indica que despois de inspeccionar as obras no lugar do Parque Empresarial de Landrove, parcela 1-2, Viveiro, están rematadas e o espazo público quedou en perfectas condicións, polo que estima procede a devolución da fianza.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Proceder á devolución da fianza depositada por D. Carlos Fernández López, en representación da empresa CARFERLO, S.L., para responder dos posibles danos que se pudiesen ocasionar no espazo público ó realizar as obras de construcción da licenza EXPTE. 1238/2016, así como durante a conexión aos servizos urbanísticos, que ascende á cantidade de 6.000,00 euros.

ACTA DE XUNTA DE GOBERNO
Número: 2018-0025 Data: 19/06/2018
Cod. Validación: 5NJQQ6L5A9LFQ96HAWWACNJ7C | Corrección: http://viveiro.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 37

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ó Departamento de Urbanismo para a sús notificacion ós interesados e para o seu traslado aos Departamentos de Tesourería e Intervención para o seu coñecemento e efectos.

## 4.- ENTRONCAMENTOS.

### EXPTE. 3439/2018.- AUTORIZACIÓN DE ENTRONCAMENTOS DE AUGA.

Vista a solicitude de Dª. María del Carmen Rodríguez López, co expediente de Viaqua 09/16, e con domicilio a efectos de notificación en Avda. De Bilbao, 6-4ºA, 15706 Santiago de Compostela, para realizar o entronque á rede de abastecemento de auga, para a vivenda sita en Río Pedroso, 18, en Magazos, Viveiro, para o tipo de obra: vivenda.

Resultando que no informe emitido pola empresa concesionaria deste servizo se recollen os seguintes aspectos:

| | |
|---|---|
| Rede xeral do posible entroncamento | P.E. Ø 63 |
| Diametro da acometida | 32 |
| Lonxitude da acometida | 6 m |
| Terreo | Asfalto |
| Observacións | E necesario realizar unha ampliación da rede existente, en PE Ø 63, nunha lonxitude de 22m. Ten que romper asfalto. |

Tendo en conta que segundo o referido en dito informe é preciso a realización de obras para levar a cabo a acometida, polo que a autorización para dito entronque non pode concederse sen que o interesado teña presentada a comunicación previa ou concedida a oportuna licenza urbanística para a realización das obras precisas para realizar o entronque.

Resultando que consta no expediente a presentación de comunicación previa para a realización de ditas obras, contando co visto e prace do arquitecto municipal.

Resultando que por parte do arquitecto municipal se establece unha fianza de 600,00 euros.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Autorizar o entroncamento á rede de abastecemento de auga solicitado por Dª. María del Carmen Rodríguez López, debendo aboar as taxas municipais correspondentes, por un importe de 145,61 euros, no Banco Sabadel, no número de conta: ES51. 0081. 2146. 98. 0001000001, segundo o art. 6.1 da Ordenanza e depositar unha fianza para responder da reposición do firme afectado, por un importe de 600,00 euros.

Segundo.- Notificar este acordo ó interesado e á empresa Viaqua, S.A.U.

ACTA DE XUNTA DE GOBERNO
Número: 2018-0025 Data: 19/06/2018
Cod. Validación: 5NJQQ6L5A9LFQ96HAWWACNJ7C | Corrección: http://viveiro.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 37

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo a Xestión Tributaria para o seu coñecemento e efectos de notificación ao Departamento de Tesourería e ós interesados.

## 5.- LICENZAS URBANISTICAS.

### EXPTE. 2726/2018.- LICENZA DE OBRA.

Vista a solicitude de licenza presentada por D. Juan Mejide Fernández para a realización de para obras en CUBERTA E CONSOLIDACIÓN DE FACHADAS en Rúa Díaz Freijo N 19 deste concello, con referencia catastral 3456319PJ1335N0002WW situado en Rúa Díaz Freijo N 19, de Viveiro.

Visto o informe técnico favorable emitido pola aparelladora da Oficina de Rehabilitación, co visto e prace do arquitecto municipal.

*"INFORME LICENZA DE OBRA MENOR NO NUMERO 19 DA RÚA DÍAZ FREIJO, NO CASCO HISTÓRICO DE VIVEIRO.*
*EXPTE.: 2726/2018*
*SOLICITANTE: JUAN MEIJIDE FERNÁNDEZ*
*REF. CASTASTRAL: 3456319PJ1335N0002WW*

*0.- ANTECEDENTES*
*- Tramítase autorización das obras ante a Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de Lugo debido a que a edificación está dentro dos 50 mts. De protección do Conxunto Arquitectónico da Igrexa e Convento de San Francisco (BIC)*
*- Con data 9 abril recíbese resolución do expediente donde resolven autorizar o solicitado sen condicionamentos.*

*1. NORMATIVA APLICABLE:*
*Ć Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Casco Histórico de Viveiro (en diante P.E.P.R.I)*
*Ć Ordenación Urbanística Provisional, Decreto 102/2006, (en diante OUP). A ordenación provisional estará vixente no Concello de Viveiro con carácter transitorio ata a entrada en vigor do novo plan xeral de ordenación municipal.*
*Ć Lei 5/2016 de Patrimonio Cultural de Galicia, e Instrucción de 8 de novembro de 2017 relativa ó tramite de autorizacións en materia de Patrimonio Cultural nos bens inmobles catalogados e declarados BIC, nos contornos de protección e nas zonas de amortiguamento.*

*2. INFORME SOBRE A SOLICITUDE:*
*2.1.- Clasificación e cualificación do solo*
*A clasificación do solo é urbano consolidado.*
*2.2.- Descrición da parcela*
*A edificación están sita na rúa Díaz Freijo n.º 19 no Casco Histórico de Viveiro.*
*2.3.- Descrición das obras a realizar*
*Obras en cuberta e consolidación de fachadas segundo proxecto básico e de execución asinado por Tejedor y Otero arquitectos. A edificación aumenta de volume ata o máximo permitido pola normativa.*
*2.4.- Cumplimento da normativa urbanística Segundo a solicitude presentada a obra que se pretende executar cumpre ca normativa urbanística.*
*2.5.- Cumprimento da normativa técnica aplicable*
*Cumpre coa normativa técnica aplicable.*
*2.6.- Orzamento*
*O orzamento de execución material segundo o orzamento presentado ascende a cantidade de 13.089,25 €*
*Conforme, sen prexuízo das inspeccións que por parte do persoal municipal se estimen oportunas con obxecto de comprobar as obras realizadas.*

ACTA DE XUNTA DE GOBERNO
Número: 2018-0025 Data: 19/06/2018
Cod. Validación: 5NJQQ6L5A9LFQ96HAWWACNJ7C | Corrección: http://viveiro.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 37

Concello de Viveiro
Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147

*2.7.- Varios*
*1.- De ser necesaria a ocupación de vía publica para as labores a realizar deberase solicitar a perceptiva licencia así como para a instalación de andamiaxe.*
*2.- A execución de máis obra da incluída neste proxecto será motivo de solicitude de nova licenza de obra.*
*3.- A modificación de calquera partida do proxecto que afecta ás fachadas deberá comunicada de inmediato á Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico para ser obxecto de autorización.*
*3.- Non se permite a remoción de terras na edificación sen a presentación dun proxecto de intervención que deberá ser aprobado pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.*

*3. CONCLUSIÓNS:*
*Tendo en conta todo o dito anteriormente e atendendo á normativa aplicable emítese INFORME FAVORABLE, nas CONDICIÓNS expresadas nos puntos anteriores."*

Visto que consta no expediente informe xurídico favorable, que literalmente di:

***"Título:** Informe sobre Licenza urbanística para obras en CUBERTA E CONSOLIDACIÓN DE FACHADAS en Rúa Díaz Freijo, no casco histórico de Viveiro.*
***Expediente:** 2726/2018*

***Referencia catastral:** 3456319PJ1335N0002WW*

***Solicitante:** JUAN MEJIDE FERNANDEZ*

***INFORME-PROPOSTA***

*En relación co expediente relativo á licenza urbanística para obras en CUBERTA E CONSOLIDACIÓN DE FACHADAS en Rúa Díaz Freijo N 19, no casco histórico de Viveiro, emito o seguinte informe-proposta de resolución, de conformidade co establecido no artigo 143.2 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia e no artigo 172 a 175 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, con base aos seguintes,*

***ANTECEDENTES DE FEITO***

***PRIMEIRO.** Con data 8 de maio de 2018, foi presentada por JUAN MEJIDE FERNANDEZ solicitude de licenza urbanística para a realización de para obras en CUBERTA E CONSOLIDACIÓN DE FACHADAS en Rúa Díaz Freijo N 19 deste concello, con referencia catastral 3456319PJ1335N0002WW situado en Rúa Díaz Freijo N 19, de Viveiro.*

*Coa solicitude achega a seguinte documentación:*

- *Proyecto basico e de execución asinado por Tejedor y Otero arquitectos para obras en cuberta e consolidación de fachadas en Rúa Díaz Freijo, n.º 19 desta localidade.*
- *Autorización patrimonio expte. Relacionado 1267/2018.*
- *Oficio de dirección de obra.*
- *Xustificante de pagamento dos tributos municipais.*

***SEGUNDO.** Con data , en cumprimento do disposto no artigo 143.2 da Lei 2/2016, de 10 de*


Cod. Validación: 5NJQQ6L5A9LFQ96HAWWACNJ7C | Corrección: http://viveiro.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 37

*febreiro, do solo de Galicia, foi emitido informe dos Servizos Técnicos, verificado de conformidade polo arquitecto municipal, en sentido favorable á concesión da licenza urbanística para a realización de obras en CUBERTA E CONSOLIDACIÓN DE FACHADAS en Rúa Díaz Freijo N 19 deste concello, con referencia catastral 3456319PJ1335N0002WW situado en Rúa Díaz Freijo N 19, de Viveiro, e que somete a autorización ao cumprimento das seguintes condicións:*

- *De ser necesaria a ocupación de vía pública para as labores a realizar deberase solicitar a preceptiva licenza así como para a instalación de andamiaze.*
- *A execución de máis obra da incluída neste proxecto será motivo de solicitude de nova licencia de obra.*
- *A modificación de calquera partida do proxecto que afecta ás fachadas deberá ser comunicada de inmediato á Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico para ser obxecto de autorización.*
- *Non se permite a remoción de terras na edificiación sen a presentación dun proxecto de intervención que deberá ser aprobado pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.*

*Os parámetros urbanísticos das obras solicitadas son os seguintes:*

| | |
|---|---|
| *Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación* | *SOLO URBANO CONSOLIDADO DA ZONA ANTIGA DE VIVEIRO (ORDENANZA 1.3)* |
| *Finalidade da actuación e uso ó que se destinará.* | *obras en CUBERTA E CONSOLIDACIÓN DE FACHADAS* |
| *Orzamento de execución material.* | *13.089,25 euros* |
| *Situación e localización das obras, coa súa identificación catastral ou coordenadas UTM, así como o número de predio rexistral, de encontrarse inscrito* | *Rúa Díaz Freijo N 19 deste concello, con referencia catastral 3456319PJ1335N0002WW* |
| *Nome ou razón social da persoa promotora* | *JUAN MEJIDE FERNANDEZ* |
| *Técnico autor do proxecto e se é o caso dirección facultativa de obras* | *D. Juan Tejedor Gómez y D. Julio Otero Cruz* |

***TERCEIRO.-*** *En relación co expediente de licenza urbanística referenciado, consta no Departamento de Urbanismo un expediente de reposición de legalidade urbanística, expediente 515/2018, iniciado mediante Resolución de Alcaldía de data 14 de maio de 2018, relacionado co expte. 1267/2018 que deu lugar á apertura do expte de resposición referido (no que consta denuncia de realización de obras, e informes do vixiante urbanístico e arquitecto municipal).*
*No escrito de incoación do expediente de reposición da legalidade sinalábase que as obras que se estaban a executar excedían do autorizado e ordenase a inmediata suspensión das obras, así como a interrupción da prestación dos servizos públicos, e emprazouse aos interesados para que nun prazo de tres meses presentasen proxecto de legalización da referida actuación, no caso de que a mesma sexa obxecto de legalización. Consta no expediente acta da policía local de non precintado do inmoble.*

***CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:***

***Primeira:*** *Os artigos 142 e seguintes da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, suxeitan a licenza municipal, sen perxuízo das autorizacións que sexan procedentes de acordo coa lexislación sectorial aplicable, entre outros, as intervencións en inmobles declarados bens de interese cultural ou catalogados pola súas singulares características ou valores culturais, históricos, artísticos.*

ACTA DE XUNTA DE GOBERNO
Número: 2018-0025 Data: 19/06/2018
Cod. Validación: 5NJQQ6L5A9LFQ96HAWWACNJ7C | Corrección: http://viveiro.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 37

Concello de Viveiro
Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147

*O inmoble de referencia sito en solo clasificado como urbano consolidado, atópase incluido no catálogo inventario do Plan especial de Protección e Reforma Interior do Casco Antigo de Viveiro (PEPRI) polo que a solicitude debe tramitarse polo procedemento de licenza.*

***Segunda:*** *De conformidade co disposto nos artigos 143 LSG e 350 do Regulamento LSG, as licenzas outórganse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanístico, e non poderán outorgarse ata que sexan concedidas as outorizacións ou informes sectoriais, segundo se dice no informe dos servizos técnicos que consta no expediente, obran aportadas ao expediente as precisas autorizacións e /ou informes sectoriais. O expediente dispón da documentación completa, necesaria para o outorgamento da licenza.*

***Terceira.-*** *O planeamento aplicable para a resolución da solicitude de licenza urbanística é o contido no Decreto 102/2006, do 22 de xuño, polo que se suspende a vixencia das normas subsidiarias de planeamento municipal de Viveiro e se aproba a ordenación urbanística provisional ata a entrada en vigor do novo planeamento. A ordenanza de aplicación ao solo urbano da zona antiga de Viveiro é a regulada no punto 1.3 do Anexo ao Decreto 102/2006, que remite, en canto a condicións de edificación e usos, ao documento do PEPRI da zona antiga aprobado definitivamente polo Pleno do Concello o 7 de agosto de 1997 (BOP de Lugo nº 233 do 10 de outubro, así como as suas modificacións puntuais aprobadas definitivamente en datas do 31 de xullo de 2003 e do 9 de setembro de 2003. O usos permitidos son:* ***Residencial****, industrual e almacén, comercial e dotaciónal, segundo informe técnico que consta no expediente.*

*Do informe técnico emitido no expediente de licenza de obras conclúese que as obras propostas cumpren coa normativa urbanística e técnica así como coa ordenanza de aplicación ao solo urbano consolidado e de edificacións existentes, reguladas nos puntos 1 e 10 do anexo do Decreto 102/2006.*

***Cuarta.-*** *Tendo en conta a existencia previa de expediente de reposición de legalidade relacionado co presente expediente de licenza urbanística e a suspensión da execución das obras acordados na súa iniciación, enténdese que cómpre acordar a resolución do mesmo conxuntamente coa resolución da solicitude de licenza urbanística presentada, en tanto a solicitude de licenza comprenda a legalización da totalidade das obras polas cales se iniciou o expediente de reposición da legalidade, extremo que se entende corroborado co informe técnico emitido polo arquitecto municipal de urbanismo en data 28/05/2018 que consta no expte onde se fai referencia a que as obras obxecto do expte de reposición da legalidade se atopan englobadas no proxecto presentado.*

*A regulación da protección da legalidade urbanística e a tramitación dos referidos procedementos atópase prevista nos artigos 152 e seguintes da LSG e 375 e seguintes do reglamento de desenrolo da LSG.*

*Con data 8 de maio de 2018, foi presentada por JUAN MEJIDE FERNANDEZ solicitude de licenza urbanística, obxeto deste expediente. Consta asimesmo informe técnico favorable, polo que ao englobar na súa integridade as obras obxeto do expediente de reposición de legalidade urbanística, procede a resolución do mesmo conxuntamente coa resolución da concesión da licenza.*

*Visto canto antecede, este servizo considera que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable e que a licenza pretendida é conforme coa ordenación urbanística, procedendo a súa resolución pola Xunta de Goberno Local en virtude da delegación de atribucións efectuada pola Alcaldía mediante resolución do 3 de xullo de 2015*

*Por iso, de conformidade co establecido no artigo 172 e seguintes do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, o que subscribe eleva a seguinte proposta de*



Cod. Validación: 5NJQQ6L5A9LFQ96HAWWACNJ7C | Corrección: http://viveiro.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 37

Concello de Viveiro
Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147

*resolución,*

**INFORME-PROPOSTA DE RESOLUCIÓN**

**PRIMEIRO.** *Conceder licenza urbanística a JUAN MEJIDE FERNANDEZ solicitude de licenza urbanística para a realización de para obras en CUBERTA E CONSOLIDACIÓN DE FACHADAS en Rúa Díaz Freijo N 19 deste concello, con referencia catastral 3456319PJ1335N0002WW situado en Rúa Díaz Freijo N 19, de Viveiro, de acordo co proxecto de execución asinado por Tejedor y Otero arquitectos , e baixo a dirección facultativa de D. Juan Tejedor Gómez y D. Julio Otero Cruz.*

*Os parámetros urbanisiticos das obras solicitadas son os seguintes:*

| | |
|---|---|
| *Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación* | *SOLO URBANO CONSOLIDADO DA ZONA ANTIGA DE VIVEIRO (ORDENANZA 1.3)* |
| *Finalidade da actuación e uso ó que se destinará.* | *obras en CUBERTA E CONSOLIDACIÓN DE FACHADAS* |
| *Orzamento de execución material.* | *13.089,25 euros* |
| *Situación e localización das obras, coa súa identificación catastral ou coordenadas UTM, así como o número de predio rexistral, de encontrarse inscrito* | *Rúa Díaz Freijo N 19 deste concello, con referencia catastral 3456319PJ1335N0002WW* |
| *Nome ou razón social da persoa promotora* | *JUAN MEJIDE FERNANDEZ* |
| *Técnico autor do proxecto e se é o caso<br><br>dirección facultativa de obras* | *D. Juan Tejedor Gómez y D. Julio Otero Cruz* |

**SEGUNDO.** *As CONDICIÓNS PARTICULARES as que se suxeita a licenza son as seguintes:*

- *De ser necesaria a ocupación de vía pública para as labores a realizar deberase solicitar a preceptiva licenza así como para a instalación de andamiaze.*
- *A execución de máis obra da incluída neste proxecto será motivo de solicitude de nova licencia de obra.*
- *A modificación de calquera partida do proxecto que afecta ás fachadas deberá ser comunicada de inmediato á Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico para ser obxecto de autorización.*
- *Non se permite a remoción de terras na edificiación sen a presentación dun proxecto de intervención que deberá ser aprobado pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.*

**TERCEIRO.** *CONDICIÓNS XERAIS DA LICENZA:*

➢*A presente licenza só faculta ó seu titular para realizar a actuación solicitada e producirá efectos entre o Concello e o suxeito a cuxa actuación se refire, pero non alterará a situación xurídico-privada entre este e as demáis persoas.*

➢*As obras executaranse con estrita suxeición ao proxecto completo redactado por técnico competente e ás memorias presentados xunto coa solicitude e ás normas de planeamento*



Cod. Validación: 5NJQQ6L5A9LFQ96HAWWACNJ7C | Corrección: http://viveiro.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 37

Concello de Viveiro
Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147

*vixentes na localidade. Así mesmo deberá respectar o establecido no plan/estudo de seguridade. Toda variación ulterior que se pretenda introducir precisará a conformidade previa.*

*➢O promotor queda obrigado ao cumprimento das medidas de seguridade e saúde no traballo previstas na lexislación vixente, coa obrigatoriedade de levantar un valado de protección que non poderá impedi-lo tránsito público; asimesmo, as estadas que se empreguen deberán acomodarse ás precripcións de seguridade do persoal da obra e de terceiros que transiten pola vía pública.*

*➢Esta licenza enténdese outorgada deixando a salvo o dereito de propiedade e sen perxulzo de terceiros e non poderá ser invocada para excluir ou diminuir a responsabilidade civil ou penal na que tivesen incorrido os titulares no exercicio das actuacións autorizadas.*

*➢Réximen de caducidade das licenzas:*

- ✓ *O **prazo de iniciación das obras non poderá exceder os seis meses,** partir da notificación da presente resolución e o de terminación os tres anos; ditos prazos computaranse desde o día seguinte ao da notificación do outorgamento da licenza. As obras non poderán interromperse por tempo superior a seis meses.*

- ✓ *O Concello poderá conceder prórroga dos prazos da licenza referidos, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.*

- ✓ *A caducidade da licenza será declarada pola administración municipal logo do procedemento coa audiencia ao interesado, e a declaración de caducidade extinguirá os efectos da licenza.*

*➢Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construcción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o numero de expediente.*

***CUARTO.** O arquivo do expediente de reposición da legalidade iniciado mediante Resolución de alcaldía de data 14 de maio de 2018, relacionado co expte. 1267/2018 que deu lugar á apertura do expte de resposición referido, segundo acordo de concesión de licenza, recollido no punto primeiro desta proposta de resolución.*

***QUINTO.-** Notificar a presente resolución ao interesado aos efectos oportunos."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, en base aos antecedentes obrantes no expediente e en base á proposta de resolución emitida pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, acorda:

Primeiro.- Conceder licenza urbanística a D. Juan Mejide Fernández para a realización de obras en CUBERTA E CONSOLIDACIÓN DE FACHADAS en Rúa Díaz Freijo, nº 19, deste concello, con referencia catastral 3456319PJ1335N0002WW situado en Rúa Díaz Freijo, n.º 19, de Viveiro, de



Cod. Validación: 5NJQQ6L5A9LFQ96HAWWACNJ7C | Corrección: http://viveiro.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 10 a 37

acordo co proxecto de execución asinado por Tejedor y Otero arquitectos, e baixo a dirección facultativa de, D. Juan Tejedor Gómez e D. Julio Otero Cruz.

Os parámetros urbanísiticos das obras solicitadas son os seguintes:

| | |
|---|---|
| Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación | SOLO URBANO CONSOLIDADO DA ZONA ANTIGA DE VIVEIRO (ORDENANZA 1.3) |
| Finalidade da actuación e uso ó que se destinará. | obras en CUBERTA E CONSOLIDACIÓN DE FACHADAS |
| Orzamento de execución material. | 13.089,25 euros |
| Situación e localización das obras, coa súa identificación catastral ou coordenadas UTM, así como o número de predio rexistral, de encontrarse inscrito | Rúa Díaz Freijo N 19 deste concello, con referencia catastral 3456319PJ1335N0002WW |
| Nome ou razón social da persoa promotora | JUAN MEJIDE FERNANDEZ |
| Técnico autor do proxecto e se é o caso<br><br>dirección facultativa de obras | D. Juan Tejedor Gómez y D. Julio Otero Cruz |

Segundo.- As CONDICIÓNS PARTICULARES as que se suxeita a licenza son as seguintes:

- De ser necesaria a ocupación de vía pública para as labores a realizar deberase solicitar a preceptiva licenza así como para a instalación de andamiaze.
- A execución de máis obra da incluída neste proxecto será motivo de solicitude de nova licencia de obra.
- A modificación de calquera partida do proxecto que afecta ás fachadas deberá ser comunicada de inmediato á Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico para ser obxecto de autorización.
- Non se permite a remoción de terras na edificiación sen a presentación dun proxecto de intervención que deberá ser aprobado pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.

Terceiro.- CONDICIÓNS XERAIS DA LICENZA:

1. A presente licenza só faculta ó seu titular para realizar a actuación solicitada e producirá efectos entre o Concello e o suxeito a cuxa actuación se refire, pero non alterará a situación xurídico-privada entre este e as demáis persoas.

ACTA DE XUNTA DE GOBERNO
Número: 2018-0025 Data: 19/06/2018
Cod. Validación: 5NJQQ6L5A9LFQ96HAWWACNJ7C | Corrección: http://viveiro.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 11 a 37

Concello de Viveiro
Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147

2. As obras executaranse con estrita suxeición ao proxecto completo redactado por técnico competente e ás memorias presentados xunto coa solicitude e ás normas de planeamento vixentes na localidade. Así mesmo deberá respectar o establecido no plan/estudo de seguridade. Toda variación ulterior que se pretenda introducir precisará a conformidade previa.

3. O promotor queda obrigado ao cumprimento das medidas de seguridade e saúde no traballo previstas na lexislación vixente, coa obrigatoriedade de levantar un valado de protección que non poderá impedi-lo tránsito público; asimesmo, as estadas que se empreguen deberán acomodarse ás precripcións de seguridade do persoal da obra e de terceiros que transiten pola vía pública.

4. Esta licenza enténdese outorgada deixando a salvo o dereito de propiedade e sen perxuizo de terceiros e non poderá ser invocada para excluir ou diminuir a responsabilidade civil ou penal na que tivesen incorrido os titulares no exercicio das actuacións autorizadas.

5. Réximen de caducidade das licenzas:

   - O **prazo de iniciación das obras non poderá exceder os seis meses,** partir da notificación da presente resolución e o de terminación os tres anos; ditos prazos computaranse desde o día seguinte ao da notificación do outorgamento da licenza. As obras non poderán interromperse por tempo superior a seis meses.

   - O Concello poderá conceder prórroga dos prazos da licenza referidos, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.
   - A caducidade da licenza será declarada pola administración municipal logo do procedemento coa audiencia ao interesado, e a declaración de caducidade extinguirá os efectos da licenza.

6. Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construcción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o numero de expediente.

Cuarto.- O arquivo do expediente de reposición da legalidade iniciado mediante Resolución de alcaldía de data 14 de maio de 2018, relacionado co expte. 1267/2018 que deu lugar á apertura do expte. de resposición referido, segundo acordo de concesión de licenza, recollido no punto primeiro desta proposta de resolución.

Quinto.- Dar traslado da presente resolución ao Departamento de Urbanismo para a súa notificación aos interesados, con expresión dos

recursos que procedan.

## 6.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN.

**EXPTE. 2251/2018.- ADXUDICACIÓN CONTRATO OBRA "REPOSICIÓN DE FIRME E REXENERACIÓN DE ISLETAS EXISTENTES FRONTE Á ZONA ESCOLAR DA RÚA MARTÍN LEDESMA - VIVEIRO".**

Visto o expediente de contratación CT 2/2018, denominado "Reposición de firme e rexeneración de isletas existentes fronte á zona escolar da rúa Martín Ledesma - Viveiro".

Visto que na Xunta de Goberno Local de data 30 de abril de 2018 se aprobou o expediente de contratación mencionado, así como o gasto para realizar a actividade descrita, xunto co prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas.

Vistos todos os antecedentes do expediente para a contratación denominada "Reposición e rexeneración de isletas existentes fronte á zona escolar da rúa Martín Ledesma". (Expte. CT /2018).

Vista a acta da Mesa de Contratación municipal correspondente á sesión levada a cabo o día 30 de maio de 2018, na que reflicten, entre outros extremos as empresas admitidas e as excluídas ao procedemento, así como a puntuación outorgada a cada unha delas.

Segundo os datos obrantes na referida acta constan como empresas admitidas as seguintes:

| Denominación empresa | Dirección | Registro de entrada |
|---|---|---|
| Hordescon S.L. | Xunqueira de Espadañedo Ourense | 3168, de 21.05.18 |
| Desarrollos y Metas S.L. | Oviedo | 3197, de 22.05.18 |
| Carferlo S.L. | Xove / Lugo | 3202, de 22.05.18 |
| Francisco Gómez y Cía S.L. | Touro / Coruña | 3209, de 22.05.18 |
| Construcciones Cazás S.L. | Burela / Lugo | 3216, de 22.05.18 |

Resultou excluída, por non presentar a súa oferta en prazo, no Rexistro do Concelo, tal e como estaba establecido no prego de cláusulas administrativas particulares e segundo o recollido na LCSP, a seguinte empresa:

| | | |
|---|---|---|
| **Excavaciones y Obras Candal S.L.** | **Ordes / A Coruña** | **3250, de 23.05.18 Aviso previo mediante fax con núm. registro 3234 de 22.05.18** |

ACTA DE XUNTA DE GOBERNO
Número: 2018-0025 Data: 19/06/2018
Cod. Validación: 5NJQQ6L5A9LFQ96HAWWACNJ7C | Corrección: http://viveiro.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 13 a 37

Recólle na Acta da Mesa que, se ben enviou aviso previo mediante fax dentro do prazo (o día 22.02.18, último día do prazo), a súa proposición non foi recibida e rexistrada no Concello ata o día seguinte, é dicir, o día 23 de maio de 2018, non cumprindo na cláusula 16 do prego de cláusulas.

Estimouse correcta a documentación administrativa presentada por todas as empresas admitidas no procedemento, presentándose así mesmo por todas elas a documentación técnica non avaliable, de obrigada presentación.

A oferta presentada polas empresas admitidas resultou ser a seguinte:

| **Empresas** | **Ofertas económicas (con IVE incluido)** |
|---|---|
| Hordescon S.L. | 73.161,97 € |
| Desarrollos y Metas S.L. | 69.817,00 € |
| Carferlo S.L. | **68.123,00 €** |
| Francisco Gómez y Cía S.L. | 79.734,28 € |
| Construcciones Cazás S.L. | 81.070,00€ |

Comprobada a inexistencia de oferta anormalmente baixa, procedeuse ao outorgamento de puntuación segundo o disposto no prego de cláusulas administrativas particulares, co seguinte resultado:

